

En Ío

Unha aposta orixinal



PILAR PONTE

Na colección “Illa Nova” da editorial Galaxia acaba de aparecer o primeiro texto narrativo de Xosé M. Eyré, unha produción literaria que non nos ha deixar indiferentes xa que se trata dunha aposta orixinal e fresca que se adapta a un lector variado que tanto pode demorar nas súas páxinas como devorar estas nunha tarde.

Xa desde a páxina da dedicatoria este libro convídanos ao xogo e fainos xiralo e darlle a volta e participar e poñer o nome daquela persoa á que lle poderíamos aplicar o verso de Bernardino Graña.

O autor comeza situando o seu público lector mediante unha serie de advertencias previas, de forma que explicitamente nos coloca sobre as pistas que debemos seguir. Indícanos a súa estrutura en 66 claves narrativas, a poe-

tización dos títulos para compensar ao hipotético lector pola ausencia dunhas ilustracións que provo-

casen a reflexión entre unha chave e outra, ou como debemos/podemos empregar os abondosos espazos en branco para debuxar ou apuntar de tal xeito que fagamos o libro de noso.

O protagonista, Ío, un rapaz de entre dous e catro anos, marca o punto de vista desde o que imos observar o mundo a partir de agora. As páxinas da obra están inzadas da tenrura do cotián infantil enfrontada a un mundo de adultos movidos por engrenaxes herméticas non preparadas para o goce do espontáneo tenro.

Mais a obra non pretende ser un anecdotario infantil, e para non correr o risco desta interpretación simplista a voz autorial exerce en certo xeito unha especie labor de titoría con nós, lectores, que ás veces mesmo semella algo paternalista. Quizais se deba a que sente

a necesidade de poñernos as faragullas no chan para que non perdamos o camiño á casa e entendamos que a verdade que é múltiple se acha “mediante a aplicación confluyente dos vectores do amor, da inocencia e da tenrura”.

Non é habitual que unha obra literaria se auto-cualifique de “estraña e inclasificábel”, mais neste caso os adxectivos están moixustamente empregados. Lonxe de posibles encadramentos xenéricos aos que estamos afeitos, non poderíamos dicir se se trata de poesía en prosa, de prosa poética, de diálogos dramáticos, de prosa dialogada ou dunha mestura singular que acada unha atmosfera narrativa. Estas 66 claves narrativas deseñadas para “reaprender a abrir os ollos entre tanta noite” que queren “facer pensar, soñar e sorprender” conseguíranos con todos aqueles lectores e lectoras que se acheguen a el espídeos de prexuízos literarios dispostos a este xogo de letras de adultos.

*EYRÉ, Xosé M.,
Constelación de Ío, Ed.
Galaxia, Vigo, 2005, 141
páxinas.*

